

AXENDA CULTURAL

Marzo 2012



Turismo de Redondela







Axenda Cultural **MARZO 2012**

www.turismoredondela.es

Non deixedes de ver as actualizacións na axenda da nosa páxina web ou no perfil do facebook:





Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

CHARLA SOBRE A ALIMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Venres 2 ás 17:30H na Casa da Cultura de Redondela. A Asociación de crianza maimiña organiza unha charla sobre a introducción da alimentación complementaria. A cita está aberta a todos os que queiran achegarse.

PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “ERAMOS INVISIBLES”

Venres 2 ás 20H no Multiusos da Xunqueira. O colectivo despiste organiza esta proxección. Unha película baixo a dirección de Ana Laura Pereira centrada no golpe de estado de Honduras no ano 2010.

ROTEIROS REDONDELA PASO A PASO

Os días 2 e 12 Roteiros guiados con alumnado redondelán, promovidos por SNL de Redondela, e nos que se fará unha visita guiada polo casco vello.





Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

TEATRARTE

Sábados de Marzo ás 20H no Multiusos da Xunqueira. Entradas 4€

MARZO

MALASOMBRA PRODUCCIÓN
Sábado 3
Obra: "GO ON!"

TALÍA TEATRO
Sábado 10
Obra: "PELOS NA LINGUA"

ESPELLO CÓNCAVO
Sábado 17
Obra: "TRES NO BAMBÁN"

ELEFANTE ELEGANTE
Sábado 24
Obra: "ILIRIA"

VILANO PRODUCCIÓN
Sábado 31
Obra: "CHAMADA DESDE O MÁIS ALÁ"

Concello de Redondela
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
AGADIC
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SEMINARIO SOBRE ENFERMIDADES EMOCIONAIS

Tratar as emocións para evitar ou curar enfermidades, ese é o punto de partida do seminario que se vai desenvolver no **Multiusos da Xunqueira** durante o mes de Marzo organizado pola Para-ortopedia An'Anasa. Unha medicina alternativa que "busca tratar non só os síntomas, senón o problema real". Precisamente para achegar ao público en xeral este tipo de medicina organizan de xeito gratuíto un seminario que se desenvolverá ao longo de tres fins de semana, os **días 3, 4, 10, 11 e 31 de marzo e o 1 de abril**. Falarase de como se xeran os conflitos emocionais e os síntomas que provocan así como as enfermidades que poden desenvolver as persoas que manteñen eses conflitos sen resolución a longo prazo.

Pódense inscribir na Para-ortopedia An'Anasa ou no teléfono 986 401240.



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

EXCURSIÓN A MANZANEDA

Domingo 4. O Centro Cultural Chan das Pipas organiza unha excursión a Manzaneda o 4 de marzo. O prezo é de 5 €, 10€ para os non socios.

#NETHINKING

Mércores 7 e Xoves 8 na illa de San Simón. Reunirá os expertos en comunicación e redes sociais, referentes no panorama nacional pola notoriedade dos seus bitácoras personais e pola súa actividade en redes como Twitter o Facebook e pola súa experiencia en contados multimedia .

Chámese foro de reflexión, xornadas de debate ou charlas-coloquio, #NeThinking abrirá durante dous días a Illa do Pensamento, no só a nivel físico sino tamén virtual, para conversar sobre os nosos modos de comunicar na era internet, analizar o presente e tratar de intuir qué será o que nos depara o futuro nesta revolución. O encontro non contará con público presente, pero poderá seguirse por streaming e Twitter. Baixo a etiqueta #NeThinking poderán enviarse preguntas os participantes

Máis info:

<http://www.fundacionilladesansimon.org/noticia.php?id=169&se=99&su=0>

REPRESENTACIÓN DE PELOS NA LINGUA

Venres 9 no Multiusos da Xunqueira para alumnado dos IES de Redondela. Actividade organizada por SNL Redondela.





Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

CONCENTRACIÓN COCHES CLÁSICOS

Domingo 11 durante todo o día na Praia de Arealonga, Chapela. Organiza Tapería o berete. Máis info: 986450562 / 678321470



PROXECCIÓN PELÍCULAS EN V.O

Mércores 14 e Mércores 28 no Multiusos da Xunqueira. Películas por confirmar. Organiza rede de troco.





Axenda Cultural **MARZO 2012**

www.turismoredondela.es

SEMINARIO SOBRE EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

O Concello de Redondela, a través da Concellaría de Desenvolvemento Local e no marco do Plan Experimental de Emprego, vai realizar xunto coa Rede Eusumo un **Seminario sobre o Emprendemento Cooperativo**, o vindeiro xoves 15 de marzo na Casa da Cultura de Redondela, en horario de 9:30 a 13:30 h, a que poderá asistir o público en xeral. O seminario será impartido polos técnicos da Rede Eusumo, promovida pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo de Benestar, o Consello Galego de Cooperativas e outras entidades de economía social e fomento do cooperativismo.

Esta charla ten como obxectivo ofrecer unha visión global sobre o cooperativismo e a economía social como unha alternativa viable de emprego. Así, ademais de promover a economía social no Concello de Redondela, sensibilizando a poboación sobre o seu valor, con estas accións de divulgación, formación e asesoramento en diversas temáticas vencelladas ao cooperativismo e o fomento de autoemprego, preténdese implicar os diferentes axentes económicos e sociais para espertar o seu interese e poder acadar unha maior implicación neste tipo de desenvolvemento.



PROXECCÍONS DA ASOCIACIÓN LOAIRA NO MULTIUSOS

Xoves 15 e Xoves 22 ás 20H no Multiusos da Xunqueira. Películas por confirmar. Organiza Asociación Loaira.

TEATRO EN CHAPELA

Venres 16 ás 19:30H no Multiusos Piñeiral do Crego, o grupo de teatro de Chapela, en colaboración co Taller de Teatro de Ventosela, escenificarán a obra: Ramón.



Axenda Cultural **MARZO 2012**

www.turismoredondela.es

SEMINARIO DE ESGRIMA

Sábado 17 ás 17 H no Centro Cultural Chan das Pipas Saxamonde. Organiza rede de troco.



SERÁN FROLES MARELIÑAS

Sábado 24 ás 21:30H, celébrase o Serán da Asociación cultural Froles Mareliñas, na súa sede. Nave amarela na estación de Chapela (enfrente restaurante el canario).



ABERTO O PRAZO PARA CLASES DE BAILE LATINO

Os martes de 20:30 a 22:00 horas no Centro cultural Chan das Pipas Saxamonde. Máis info no centro ou : chandaspipas@gmail.com





Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

8º FESTIVAL NACIONAL DE CURTAMETRAXES "REDONDELA EN CURTO 2012".

Xa están as bases para participar ata o 11 de Marzo.

<http://www.redondelaencurto.com/>



8º FESTIVAL NACIONAL DE CURTAMETRAXES
"REDONDELA EN CURTO 2012"

CONCURSO MAQUETAS MILLO VERDE

Bases para participar ata o 13 de Marzo.

<http://milloverde.blogaliza.org/>



MILLO VERDE

BASES DO CONCURSO:

1. Poden participar todos os grupos ou solistas con residencia na Galiza ou en Portugal que non teñan disco editado, a excepción dos traballos autorizados ou aqueles que non teñan firmado un contrato discográfico. Si é posible a inscrición dos artistas que publiquen singles ou extended plays, ou os que participasen en discos recopilatorios.
2. O prazo de inscrición ábrese o 1 de Xaneiro de 2012 e finalizará o 13 de Marzo de 2012.
3. Admítense traballos encadrados en calquera estilo musical.
4. Os traballos constarán de tres cancións de composición propia e que, como mínimo, teñan que ser enviadas en formato CD audio, acompañado dunha brevíscu biográfica (compositores, estilo, precedencia, concertos realizados, etc.) que non exceda de 50 liñas. É imprescindible saber esta dirección postal, número de teléfono, e-mail (se se dispón del) e persona de contacto. Todo o material debe ser enviado nun mesmo sobre e por correo certificado ou presentado en persona na seguinte dirección:
CONCURSO DE MAQUETAS MILLO VERDE
C/Estuero Blanco Amor, 11, 3ºE
36800 - Redondela
PONTEVEDRA
5. Non se devolverá o material recibido.
6. De todos os traballos seleccionaranse un mínimo de tres finalistas que participarán nunha festa concerto, que terá lugar o 13 de Abril de 2012. De entre os tres finalistas decidiráse o gañador do concurso mediante votación entre os asistentes á festa concerto. O finalista durante a colución na próxima web milloverde.blogaliza.org. É imprescindible ter un expediente para directos de 40 minutos de duración como mínimo.
7. O gañador do concurso obterá o dereito a formar parte do festival Millo Verde, que terá lugar os días 1 e 2 de Xullo, percibendo 100 € como contrapartida pola súa participación.


Concello de Redondela

WWW.MILLOVERDE.BLOGALIZA.ORG

Oficina de Turismo de Redondela · Xardíns da Alameda, s/n · 36800 Redondela

Tfn: 986 401 713 · www.turismoredondela.es · turismo@redondela.es ·



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

CURSO COSTURA REBOREDA

Aberta a inscrición para o próximo curso de Costura na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda. Dúas horas un día a semá. É necesario máquina de coser portátil. Prezo 25€.

Os interesados/as vos podedes inscribir na cantina da Sociedade LC de Reboreda, a través do correo do Facebook ou no email da Sociedade slcreboreda@gmail.com. Prazas limitadas.

Estrada a Pazos de Borbén nº99
sociedadeculturalreboreda@gmail.com
slcreboreda@gmail.com
<http://facebook.com/SLCReboreda>





Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

GALA BENÉFICA UNICEF

Domingo 25 ás 18H no Auditorio de la Ciudad Infantil Príncipe Felipe.
Pontevedra

Pequitos y Cia
PRESENTA:

Lugar: Auditorio de la Ciudad Infantil Príncipe Felipe - Pontevedra

Valor: 3€ (Venta de entradas en el auditorio)

Deputación Pontevedra

Colaboradores:
Popin
DJ Pipo
Concello de Redondela
The Dragons Girl and
The Rockland Band

Música:
Reina Reech
Cris Morena
María Elena Walsh
Y mucho mas

Domingo 25 de Marzo
18:00 Hs.

Erase una vez...

a favor de **unicef**

Venta e Información: www.info@pequitasycia.org / 617-14 18 53

Diseño: www.facebook.com/Vicario



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

PROGRAMAS VOLUNTARIADO

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL PARA APOIAR AOS NENOS E NENAS NAS TAREFAS ESCOLARES

Dende a Concellaría de Servizos Sociais, Muller e Igualdade, dirixida por Teresa París, estase a desenvolver un Programa de Voluntariado Social para apoiar aos nenos e nenas nas tarefas escolares.

Este programa pretende, por unha banda, corrixir dificultades académicas e familiares nos menores, e pola outra, previr o fracaso escolar. Para impartilo, cóntase coa colaboración de dúas voluntarias nas parroquias; de Cabeiro, onde xa se implantou o Programa no curso escolar 2010-11 con óptimos resultados, e Chapela, experiencia que deu comezo o pasado 23 de febreiro de 2012.

INSCRÍBETE na Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade: R/Isidoro Queimaliños, 2. Redondela

Coordinadora do programa: Iria Rodríguez. - 986402608 voluntariado@redondela.es



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL PARA O ACOMPAÑAMENTO DE PERSOAS MAIORES OU DEPENDENTES

Dende a Concellaría de Servizos Sociais, Muller e Igualdade, dirixida por Teresa París, estase a desenvolver un Programa de Voluntariado Social para o acompañamento de persoas maiores ou dependentes.



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

O principal obxectivo deste programa é facilitar acompañamento e posibilitar unha mellor atención persoal a aqueles usuarios de Servizos Sociais, cuxo apoio sociofamiliar sexa moi reducido ou nulo. Os voluntarios promoverán a integración no medio a través de actividades como saír a pasear, ler, xogos de lecer, intercambios de opinión...

INSCRÍBETE na Concellería de Servizos Sociais e Igualdade: R/Isidoro Queimaliños, 2. (Redondela)

Coordinadora do programa: Iria Rodríguez. 986402608 - voluntariado@redondela.es



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL PARA O ACOMPAÑAMENTO EN VISITAS ESCOLARES

Dende o Programa de Voluntariado Social de Servizos Sociais e en colaboración co departamento de ensino, precisamos voluntarios para compartir o seu tempo con nenos/as de primaria en visitas guiadas a Illa de San Simón.

As tarefas a realizar serán a colaboración cos mestres no acompañamento dos menores dende a saída do barco, así como durante toda a xornada na Illa.

De estardes interesados en compartir o voso tempo como voluntarios/as neste programa, non tedes máis que inscribivos. Iremos informando sobre as datas e horarios previstos.



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

EXPOSICIÓNS

CASA DA TORRE

Exposición de pintura de Ángela Freire. Pode visitarse na Casa da Torre, ata o 25 de marzo de 2012. Horario de 13:00 a 22:00 h. de luns a domingo.





Axenda Cultural **MARZO 2012**

www.turismoredondela.es

MULTIUSOS XUNQUEIRA

EXPOSICIÓN PERMANENTE SOBRE AS FESTAS DA COCA

De diferentes autores da zona (Mundo Cal, Pelu Vidal, Landín, Miguel Núñez, Rafa Estévez...) Exposición de fotografías de diferentes autores da zona (Mundo Cal, Pelu Vidal, Landín, Miguel Núñez, Rafa Estévez...) sobre a celebración da nosa festa mais importante, nas que se reflexan os puntos álxidos da mesma.

Tamén se expoñen figuras que levan os traxes tradicionais utilizados nos diferentes actos de celebración desta festa dende o século XVI ata hoxe, un interesante traballo antropolóxico realizado pola redondelana Margot Araujo.

Exposición de Margot Araújo

Exposición con motivo do día da muller 8 de Marzo

MULTIUSOS PIÑEIRAL DO CREGO - CHAPELA

Exposición “25 Novembro, día internacional contra a violencia de xénero”.




Axenda Cultural **MARZO 2012**

www.turismoredondela.es



CASA DA CULTURA REDONDELA

Exposición “ A Coca de Redondela en mil imaxes”.



ASOCIACIÓN VECIÑOS DE CABEIRO

Exposición “Muller outra mirada”. Durante o mes de Marzo.



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es



ASOCIACIÓN VECIÑOS DE CEDEIRA

Exposición “HUMOR GRÁFICO GALEGO I” , Durante o mes de Marzo.

Trátase dunha mostra de reproducións a gran formato de viñetas das principais figuras do humor gráfico galego.

Quesada, Gogue, Javier Aguilera, Luis Davila (Faro de Vigo), Kiko Dasilva (La Voz de Galicia), Pepe Carreiro (Xornal de Galicia), O Carrabouxo (La Región, Atlántico Diario), Sabela Arias (Tierras de Santiago, El Correo Gallego).



Axenda Cultural MARZO 2012

www.turismoredondela.es

